

**ASUNTO:** COMUNICADO PÚBLICO, UNHA VEZ MÁIS:  
“UN RIO CONTAMINADO, UNHA RIA ENFERMA”

Fotografías, videos, artigos periodísticos, análíticas oficiais, repítense unha e outra vez, amosando un río contaminado e una praia con excrementos que a todos avergoña. Esta non pode ser a marca que una Cedeira turística e exportadora pode extender polo país. Tampouco é solución o silencio nin o mirar para outro lado. A porquería sempre acaba por sair, como aquí está a suceder de maneira demasiado frecuente.

Se non somos capaces de facerlle fronte ás treboadas que con tanta frecuencia irrumpen na nosa xeografía, a depuradora non dará feito, e ante a perspectiva de colapsar, ten que pechar as portas. Témolo dito, por activa e por pasiva, nos plenos, nas oficinas, na prensa, en todos os sitios, ou contamos cun “tanque de tormentas” ou “separamos” as augas sucias que irán á EDAR, das limpas que irían ao río.

O actual goberno, con 33 meses ás costas, foi incapaz de continuar o proxecto separativo de quenes os precederon, e non adicou un so euro ao alcantarillado. Todo está paralizado, e seguramente deteriorado, tanto o urbano coma o rural. O Sr. Rubido en Santiago prefire compadrear en lugar de esixir e, en Cedeira, cos cartos dos veciños, remozar aceras que dificultan a circulación e eliminan aparcamentos.

Cando entenderá o PP local que hixienizar o subsolo e limpar as tubaxes obstruídas pode non dar votos, pero é imprescindible e urxente.

Resultados da analítica realizada por Augas de Galicia o 19 de setembro, a medio día, nunha tubaxe que sae ao río	
Coliformes fecais	> 1000000 ufc/100ml
DQO	45 mg O <sub>2</sub> /l
E.coli	> 1000000 ufc/100ml
Enterococos	> 150.000 ufc/100ml
Estreptococos fecais	> 160.000 ufc/100ml
Sólidos en suspensión	8,40 mg/l

En Cedeira, a 26 de febreiro de 2014  
JOSÉ LUIS VERGARA REY (portavoz)